



Sete proxectos compiten este ano polo XIV Premio Aresa de Desenvolvemento Rural

11/12/2013

O xurado do Premio Aresa de Desenvolvemento Rural seleccionou un total de sete proxectos entre todos os presentados á XIV edición do certame, que competirán polo galardón, que se faiará o próximo día 30 de decembro.

Nunha primeira fase, o xurado fixo unha preselección entre os presentados para escoller aqueles proxectos que se axustaban ás bases presentadas este ano, nas que se busca un único proxecto que destaque pola **súa viabilidade, o fomento do emprego e a posta en valorados produtos da terra.**

Entre os sete preseleccionados destacan dúas empresas. Por unha parte, é candidata este ano **Alibós**, situada en Monterroso, que se dedica á elaboración e envasado de castaña pelada e conxelada cunha produción de 6.000 toneladas/ano. Xunto coa Deputación de Lugo, puxo en marcha o Proxecto Soutos, para o aproveitamento destes bosques autóctonos para a recollida e comercialización das castañas. Como complemento, mantén varias liñas de investigación.

A outra empresa que entra na selección é a gandeiría **Quintián**, que leva máis de 40 anos producindo leite no Páramo. Cunha cabana de 60 vacas, produce 2.000 litros de leite ao día, o que lle levou en 2010 a crear a súa propia marca de leite fresco pasteurizado que comercializa a través de máquinas expendedoras e de xeito directo na hostalería, colexios e tendas.

Tamén foi seleccionada para optar ao Premio **Boaga**, a organizacións que representa á maior parte dos criadores de razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción, con máis de mil asociados. A súa actividade baséase na xestión de libros xenealóxicos de razas cachena, cadelá, frieiresa, limiá, ovella galega, galiña de mos, vainesa e cabra galega.

Por outra banda, tamén se presentaron catro proxectos de investigación en diferentes fases de desenvolvemento. O primeiro é o **proxecto de creación de empresas de cultivo de Árnica Montana** en Galicia para o abastecemento da industria farmacéutica europea, a cargo de Geneaqua, S.L.

O obxectivo deste proxecto é analizar a diversidade xenética desta planta medicinal, estudar en parcelas experimentais os procedementos de domesticación e posteriormente realizar un estudo de mercado e un plan de formación e divulgación do proxecto para incentivar a creación de empresas.

Un segundo proxecto é o da veterinaria María Aurora Estrada Fernández, co que pretende a **identificación animal por ADN** como base para que os produtos cárnicos acaden a trazabilidade total, aumentando deste xeito a seguridade alimentaria.

Como terceira proposta no apartado de investigación está o estudo de Marcos Vázquez Marey sobre as **casas de labanza galegas**, que ten como obxectivo o fomento da autoestima dos traballadores rurais, coa diversificación de actividades sinérxicas como as casas de labranza. O exemplo pono con Casa de Vázquez, situada en Láncara, que se dedica á gandeiría bovina complementando o traballo coa produción de mazás ecolóxicas e o cultivo forestal.

Pecha o listado de candidaturas o proxecto **Viñas Atlánticas**, da Deputación de Pontevedra, un aplicativo web que se concibe como unha ferramenta ideada para combatir enfermidades propias dos viñedos e axudar aos viticultores a optimizar a aplicación de produtos fitosanitarios.

Para facer unha valoración ecuánime destes sete candidatos un **comité de expertos** analiza estes días todos os proxectos para emitir un resultado obxectivo, que será valorado polo xurado antes de emitir o seu faio, que está previsto para o día 30 de decembro.

A contía do **premio**, de **10.000 euros**, convirte a esta convocatoria nunha das máis relevantes do sector. Ademais, este ano, ofrecerase a **posibilidade á empresa gañadora de solicitar asesoramento e axuda para o desenvolvemento do proxecto**.